

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE ABRIL DE 2015.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.  
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 17 DE 13 DE ABRIL DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 1/2015 de 13 de abril de 2015, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, e proceder a súa transcripción ao libro de actas.

**2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**2.1.-** Acordouse **RECOÑECER E CONCEDER A EFICACIA Á COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para a construción dun muro de peche na parcela sita preto do lugar da Pena, Donsión, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 9 de abril de 2015 por importe de de 72 euros en concepto de ICIO.



### **3.- RECOÑECIMIENTO DE EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA.**

**3.1.-** Acordouse aprobar o informe técnico de data 27 de marzo de 2015 do Enxeñeiro Técnico Municipal en relación ao recoñecemento dunha explotación gandeira e, consecuentemente, recoñecer a explotación agropecuaria **AVÍCOLA PUMEDA S.C.**, existente na parcela sita no lugar de Amboade, Barcia, Lalín; e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14 de abril de 2015 por importe de 704,25 euros en concepto de ICIO.

### **4.- INFORME PREVIO.**

**4.1.-** Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal emitido con data 10 de abril de 2015, solicitado por Augas de Galicia, en relación á concesión dun caudal de auga no lugar Casa Novas, Goiás.

**4.2.-** Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo Enxeñeiro Técnico de obras públicas municipal, de data 17 de abril de 2015, sobre cumprimento de normativa para a renovación de carpinterías exteriores de aluminio na Residencia da Terceira Idade Nosa Señora das Dores de Lalín; e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**5.1.-** Acordouse aprobar o informe de data 9 de marzo de 2015 asinado para o efecto polo Xerente do CDM Lalín Arena, sobre **“ACTIVIDADES DIRIXIDAS CON FONDO MUSICAL PARA O LALÍN ARENA”** e **“ACTIVIDADES DIRIXIDAS RELACIONADAS COAS ARTES MARCIAIS”**; e autorizar as solicitudes de acordos de resolución asinados con **D. Lázaro Galguera Gómez e D<sup>a</sup> Dayana Palmero Ferrer**, así como **iniciar o expediente para a contratación do “SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O CDM LALÍN ARENA”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un único criterio de valoración, con importe máximo de licitación **26€/hora (IVE incluído) e 22.500,00 € (IVE incluído)**, e un prazo máximo de execución de 7 meses prorrogable por 7 meses máis.

**5.2.-** Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra **“RECRECIDO DO FIRME E MELLORA PISTA PRAIA FLUVIAL-VILATUXE, AGRUCHAVE E TORGUEDO CATASÓS, ATEÁN, GOIÁS E**



Secretaría Xeral

**OUTROS**” presentados pola empresa **Construcciones Taboada y Ramos, S.L.**, e informado favorablemente polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal de data 20 de abril de 2015.

## **6.- OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERREOS ADXACENTES Á ANTIGA CASA CONSISTORIAL.**

**6.1.-** Acordouse proceder a consignar os importes de ocupación temporal de terreos adxacentes á Antiga Casa Consistorial de Lalín tramitado neste Concello, na Caixa de Depósitos o día 22 de abril de 2015, proceder á ocupación das fincas obxecto desta ocupación temporal, con efectos do luns día 27 de abril de 2015, ás nove horas da mañá e proseguir coa tramitación dos expedientes aos efectos do disposto na Lei de Expropiación Forzosa.

## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**7.1.-** Acordouse recoñecer a xubilación laboral dunha empregada do Concello de Lalín, con data 20 de maio de 2015.

**7.2.-** Acordouse **aprobar as bases para a selección de dous auxiliares de Policía Local, en réxime de laboral temporal, para a tempada de verán.**

## **8.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**8.1.-** Acordouse aprobar o **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Lalín, para a mutación demanial dunha parcela da Finca de Mouriscade de Lalín, de titularidade provincial, coa finalidade de dedicala a zona recreativa.**

## **9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**9.1.-** Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de **1.000 euros**, como garantía para responder da obra “*Demolición de vivenda en Avda. Monte Faro, núm. 33, Lalín*”.

**9.2.-** Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de **1.00 euros**, como garantía para responder dos posibles danos en vía pública polo valado da obra para a “*Execución de obra de acondicionamento do edificio da antiga Biblioteca Municipal na rúa Pintor Laxeiro, núm. 26, Lalín*”.



## **10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**10.1.-** Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do **CONCURSO DE CARROZAS DA XLVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO.**

**10.2.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia para a celebración da XXIª Gala de Gastronomía, Premios Álvaro Cunqueiro e XVIª Matanza Tradicional do Porco, en virtude do mencionado Convenio, por importe total de **43.886,12 euros** e declarar que se cumpriu a finalidade da axuda concedida.

**10.3.-** Acordouse Recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do XIº **CONCURSO DE MARCAPÁXINAS.**

**10.4.-** Acordouse recoñecer a obriga correspondente á dotación económica para os grupos políticos municipais conforme á Base 24 da Execución do Presuposto Xeral para o exercicio 2015, por importe total de 5.000 euros.

**10.5.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de MARZO de 2015, por importe total de 5.192,31 €, recoñecer dereitos por dito importe con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 24.455,29 euros.

**10.6.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de MARZO de 2015 por importe total de en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de MARZO de 2015, recoñecer dereitos por dito importe con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **4.205,70 euros.**

**10.7.-** Acordouse as baixas no SAF para tres usuarios de dependencia por causa de defunción; e dúas altas horarias no SAF para dous novos usuarios.

**10.8.-** Acordouse a alta no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia motivada polo agravamento de saúde de tres usuarios.



**10.9.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de **115,62 euros**.

**10.10.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados do uso de vivenda por importe de **150,00 €**.

**10.11.-** Acordouse acollerse á Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á rehabilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresarias da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007/2013, e solicitar unha subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado “**REXENERACIÓN DE PAVIMENTOS EN VÍAIS E SINALIZACIÓN HORIZONTAL POLÍGONO LALIN-2000**”.

### **11.- FACTURAS E CONTAS.**

**11.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono facturas en distintas relacións: relación número 1: **141.568,68 €**; relación número 2: **10.273,35 €**; e relación número 3: **34.140,25 €**.

### **12.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**12.1.-** Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local do día 1 de abril de 2015, punto 9.3. expedientes de contratación.

**12.2.-** Acordouse corrixir o erro padecido na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 16 de marzo de 2015, no punto 13.4.

### **13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**13.1.-** Acordouse conceder autorización a **D. José Ramón Ferradás Varela** para asistir a un Curso Hixiénico-Sanitario de renovación certificado de mantemento de instalacións con risco de lexionela.

**13.2.-** Acordouse conceder autorización municipal aos **Colexios BVM Irlandesas de Lejona, Sevilla y Madrid**, para a pernoctación dun grupo de 48 persoas no Pavillón Municipal o día 7 de xullo de 2015.

**13.3.-** Acordouse conceder autorización municipal á **Parroquia de Santa María La**



Secretaría Xeral

**Mayor de Mérida (Badajoz)**, para a pernoctación dun grupo de persoas no Pavillón Municipal, o día 16 de agosto de 2015, chegando a mediodía e saíndo o día seguinte 17 de agosto de 2015.

**13.4.-** Acordouse conceder autorización municipal á **Fundación Marcha Universal a Santiago de Compostela**, para a pernoctación dun grupo internacional de peregrinos no Pavillón Municipal para a noite do día 17 de agosto de 2015.

**13.5.-** A Xunta de Goberno Local quedou enterada do escrito remitido polo **Ministerio da Presidencia (B.O.E) de data 17 de abril de 2015**, no que comunican que o vindeiro día 1 de xuño de 2015 entrarán en vigor as previsións, contidas na Lei 15/2014, de 16 de setembro de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, para configurar un Tablón Edictal Único.

**13.6.-** Acordouse conceder a expedición dunha copia en papel ou dixital de toda a documentación relativa ás modificacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín, no cemiterio municipal da Romea, Botos, Lalín.

**13.7.-** Acordouse facilitar o regulamento de honras e distincións e de protocolo, para unha teses doutoral sobre o protocolo municipal en España, no que entre os municipios seleccionados para o traballo de campo atopase o Concello de Lalín.

=====

